

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 2 DE DECEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de San Xoan de Río (Ourense).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de San Xoan de Río (Ourense).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sustentable. Senda na OU-105 treito: A Ponte Sevilla (puntos quilométricos (P.Q.) 0+000-0+850), na OU-536 treito: Rabaza (P.Q. 0+790-2+320) e na Avenida de Ponferrada (P.Q. 0+000-1+140)", no concello de Ourense.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Pereiro de Aguiar dun treito antigo da estrada provincial OU-0507 Castadón (OU-536)-San Miguel do Campo (OU-0507).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o microscopio naturalista de Antony Van Leeuwenhoek.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se toma razón da interposición de recurso de alzada contra a Resolución do 29 de outubro de 2021, do Instituto Geográfico Nacional, pola que se establecen as denominacións oficiais da ría en que desemboca o Río Eo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante acordo marco mixto cun único empresario, da subministración, posta en marcha e operación dunha plataforma de automatización de procesos (RPA) na Xunta de Galicia (expediente AMT-2021-0108) por un valor estimado de sete millóns oitocentos cincuenta e oito mil trescentos trinta e dous euros (7.858.332 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., a través do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-IEGPS), para instrumentar una subvención co fin de establecer as bases científicas para recoñecer como rutas dos Camiños de Santiago en Galicia novas alternativas non recollidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, por importe de seiscientos sete mil catrocentos sesenta e tres euros con oitenta céntimos (607.463,80€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade Federal da Baía (Brasil) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no proxecto de Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se convoca para o ano 2022 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, por importe de cinco millóns cincuenta mil euros (5.050.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos do 80 %, nas subvencións derivadas da Resolución pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, financiada con fondos REACT-UE no marco do PO FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, por importe de catrocentos cincuenta mil euros (450.000€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de medicamentos empregados no tratamento da esclerose múltiple para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de vinte e cinco millóns novecientos trinta e seis mil cincocentos sesenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (25.936.568,82 €, IVE engadido) e un valor estimado de cento dezanove millóns setecentos sete mil douscentos corenta euros con setenta e un céntimos (119.707.240,71 €, sen IVE), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha modificación e prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Cruz Roja Española en Galicia, para a execución dun programa extraordinario de axuda para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19. Importe: seis millóns cincocentos corenta mil euros (6.540.000,€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba o contrato de xestión da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para o período 2021-2024.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe polo que se dá conta do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (INORDE) para a realización de actividades de promoción turística no mercado emisor de Madrid.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a manifestación de interese da Xunta de Galicia para promover o desenvolvemento de novos centros de fabricación avanzada.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre os puntos de vertedura incontrolados.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o barómetro de satisfacción da hospitalización a domicilio: resultados enquisa realizada a usuarios e pacientes en Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a proposta de base para análise e ditame do Consello Galego de Pesca sobre a revisión da política común de pesca.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E A BANDEIRA DO CONCELLO DE SAN XOÁN DE RÍO

- Os decretos que aproban o escudo e a bandeira deste municipio ourensán xa recibiran informe favorable da Comisión de Heráldica
- O Goberno galego leva aprobados un total de 268 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta

O Consello da Xunta deu hoxe o visto bo aos decretos que aproban a bandeira e o escudo de San Xoán de Río, en Ourense, e que xa recibiran informe favorable na reunión da Comisión de Heráldica do pasado 19 de novembro.

Este órgano consultivo da Xunta de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de réxime local, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, é o encargado de emitir informes vinculantes de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e bandeiras das entidades locais galegas.

Segundo vén definido no decreto, o escudo é de gules (vermello) sobre ondas de azul (azul) e prata (branco), unha ponte de ouro (amarelo), sumado dunha torre do mesmo e da cruz sanjuanista de prata, franqueadas de dúas ramas de castiñeiro ao natural. Ao timbre, a coroa real pechada.




COMUNICACIÓN DA XUNT.

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, a bandeira está conformada polo pano de vermello e, ao centro, a torre de amarelo, sumada a cruz sanjuanista de branco e todo franqueado de senllas ramas de castiñeiro ao natural.



O Goberno galego leva aprobados un total de 268 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta, tras a petición dos respectivos concellos de modificar ou rehabilitar os seus símbolos para adaptalos ao decreto que os regula.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR NOVAS SENDAS NA OU-105, NA OU-536 E NA AVENIDA DE PONFERRADA, EN OURENSE, CUN INVESTIMENTO DE CASE 1,9M€

- Suman en total máis de 3,5 quilómetros de sendas de uso compartido, de ancho variable, cun mínimo de 1,80 metros, que disporán de elementos de separación da estrada, ademais de dotar nove refuxios nas distintas paradas de bus
- A previsión é convocar o levantamento de actas previas das expropiacións e licitar as obras no primeiro trimestre de 2022, para iniciar os traballos a mediados de ano
- A Xunta, no marco do Plan de sendas da comarca de Ourense, está a investir 6,4 M€ que permitirán executar máis de 16 km de novos itinerarios peonís e ciclistas
- O Goberno galego continúa traballando na dotación de sendas nas estradas autonómicas para favorecer os desprazamentos dos cidadáns a pé ou en bicicleta dun xeito máis cómodo e seguro co fin de fomentar a mobilidade sustentable

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar novas sendas nas marxes das estradas autonómicas OU-105, na OU-536 e na avenida de Ponferrada, no concello de Ourense.

Esta actuación de fomento da mobilidade sostible e da seguridade viaria suporá un investimento da Xunta que rolda os 1,9 millóns de euros, incluíndo os máis de 182.000 euros necesarios para a ocupación dos 45 predios precisos para levar a cabo as obras.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento de actas previas das expropiacións e licitará as obras no primeiro trimestre de 2022, para o inicio dos traballos a mediados de ano. A intervención conta cun prazo de execución de seis meses.

Esta actuación permitirá dotar o municipio de Ourense de máis de 3,5 quilómetros de novas sendas.

Máis en detalle, actuarase na marxe dereita da estrada autonómica OU-105, no treito de algo máis de 850 metros da Ponte Sevilla, entre o punto quilométrico 0+030 fronte ao concesionario localizado xunto á glorieta, e o punto 0+845 onde se atopa a parada de autobús próxima ao tanatorio. Este treito de senda ten, ademais, continuidade nas obras en execución da segunda fase da mellora da seguridade viaria da OU-105 en Seixalbo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se executará unha senda de case 1,5 km na estrada OU-536, na Rabaza, entre os puntos quilométricos 0+960, á altura do paso de peóns no cruce co Camiño de Souto Sanín, e ata o punto quilométrico 2+400.

Finalmente, na avenida de Ponferrada construírse outra senda, desde o nº 249 da avenida Buenos Aires ata a glorieta existente no punto quilométrico 1+950 da OU-536, na Rabaza. Ademais na marxe contraria a esta senda, executarase en dous treitos, dos puntos quilométricos 0+910 ao 1+110 e do 0+980 ao 1+070, unha gabia de seguridade revestida de 1 metro de ancho.

Nestas tres estradas habilitaranse sendas de uso compartido, de ancho variable e un mínimo de 1,80 metros. Irán adosadas pola marxe esquerda da estrada no caso da vía OU-536 e na avenida de Ponferrada; e pola marxe dereita no caso da estrada OU-105.

O proxecto redactado polo departamento de Infraestruturas da Xunta inclúe a disposición de nove refuxios nas distintas paradas de bus na traza pola que discorren as sendas.

Os itinerarios estarán separados das estradas por diferentes elementos, en función das necesidades. Estes elementos de separación poden ser unha cuneta revestida de ancho 1,20 metros e con perfil de seguridade; unha franxa de vexetación de 50 centímetros de ancho; un bordo de prefabricado de 22x15 centímetros; ou a combinación dos tres elementos anteriores, segundo o tipo de sección adoptada.

Plan de sendas de Galicia

Estes novos itinerarios enmárcanse no Plan de sendas da comarca de Ourense e contan coa cofinanciación dos fondos europeos Feder.

Este plan recolle un investimento de 6,4 millóns de euros que permitirá habilitar máis de 16 quilómetros de novas sendas nas estradas autonómicas da comarca de Ourense, a través da licitación de 6 obras.

O Goberno galego continúa traballando na dotación de sendas nas estradas autonómicas para favorecer os desprazamentos dos cidadáns a pé ou en bicicleta dun xeito máis cómodo e seguro co fin de fomentar a mobilidade sustentable.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA


INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL ENTRE CASTADÓN E SAN MIGUEL DO CAMPO

- Trátase do treito da marxe dereita da vella estrada provincial OU-0507, de 72 metros de lonxitude, que comeza á altura do punto quilométrico 0+980 e remata no punto 1+040
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes tramos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade a prol do Concello do Pereiro de Aguiar dun treito antigo da estrada provincial OU-0507, entre Castadón e San Miguel do Campo.

O Concello do Pereiro de Aguiar solicitou á Deputación Provincial de Ourense a transferencia do treito antigo da marxe dereita da vella estrada provincial, ao seu paso polo municipio.

A Administración provincial acordou aprobar o cambio de titularidade a prol do Concello e emitiu informe favorable para a transferencia do treito antigo da marxe dereita da estrada provincial OU-0507, de 72 metros de lonxitude, que comeza á altura do punto quilométrico 0+980 e remata no punto 1+040.

A transferencia a prol do Concello do Pereiro de Aguiar tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe o Concello terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DECLARADO BEN DE INTERESE CULTURAL O MICROSCOPIO NATURALISTA DE ANTONY VAN LEEUWENHOEK, UNHA PEZA ÚNICA EN ESPAÑA QUE SE ATOPA EN GALICIA

- O decreto aprobado hoxe no Consello formaliza a salvagarda deste aparato, que é o primeiro instrumento científico protexido patrimonialmente polo Goberno galego, e un dos nove que se conservan en todo o mundo
- A peza foi creada polo microbiólogo holandés, que a mediados do século XVII se especializou na construción destes aparatos usados, sobre todo, para comprobar a calidade dos panos dos comerciantes
- Este BIC formará parte dos 771 BICs existentes en Galicia, 95 deles declarados desde a entrada en vigor da lei do patrimonio cultural de 2016

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC), coa categoría de ben inmovible e nivel de protección integral, o microscopio naturalista creado a finais do século XVII polo microbiólogo holandés Antony Van Leeuwenhoek.

Trátase dunha peza singular e única en España que permitiu ao seu creador sentar as bases da bacterioloxía e protozooloxía, e que se atopa en Galicia nunha colección dun particular. A través do decreto aprobado hoxe, a Xunta salvagarda por primeira vez de xeito patrimonial un instrumento científico.

Esta protección faise efectiva logo de que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade -a través da información técnica elaborada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o ditame dos órganos asesores- xustifícase o carácter sobranceiro deste microscopio ao tratarse dunha peza singular, non só polo seu interese entre o patrimonio científico, senón polo seu valor histórico e cultural e museolóxico, amais de posibilitar o progreso de moitas disciplinas científicas ao facilitar a identificación das estruturas básicas da materia.

Requirimentos e obrigas

Segundo a lei do patrimonio cultural de Galicia, a declaración como ben de interese cultural desta peza leva aparelado un réxime de protección e unha serie de requirimentos e obrigas por parte dos seus propietarios. Por exemplo, para bens mobles, como é este caso, a normativa establece que a obriga de visita pública pode substituírse polo depósito para a súa exposición durante un período máximo de cinco meses cada dous anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Antony Van Leeuwenhoek, considerado o pai da microbioloxía e parasitoloxía, foi un dos primeiros en observar os microorganismos para o que utilizaba microscopios de deseño propio coma este que agora se protexe. Ademais, os microscopios eran pezas moi demandadas entón, sobre todo, para comprobar a calidade dos fíos dos tecidos do próspero comercio de panos por parte da burguesía da época.

O microscopio foi descuberto no ano 2014 na dragaxe de lodos dunha canle da cidade de Delft onde o científico viviu toda a súa vida e foi adquirido posteriormente polo seu actual propietario, residente en Galicia, por medio dunha plataforma dixital a un vendedor de antigüidades que o ofrecía como parte dun lote de instrumentos de pintura. Unha vez que o tivo no seu poder, iniciouse o proceso de autenticación na Universidade de Cambridge.

Só nove no mundo

Este exemplar é o único microscopio orixinal de Leeuwenhoek que se coñece en España, dos nove que se conservan en todo o mundo e dos máis de 500 que se cree que chegou a construír. É o irmán xemelgo do que existe no Museo Boerhaave de Leiden (Países Baixos), aínda que ten un aumento maior e, como aquel, presenta unha característica única: tres buratos no parafuso.

O resto dos microscopios localízanse fundamentalmente no país de orixe do naturalista, cuxas investigacións se consideran a orixe da microbioloxía e o desenvolvemento do microscopio.

O decreto, que entrará en vigor tras a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG), culmina o proceso iniciado en setembro de 2019, cando a Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura e Deporte solicitou a súa protección, e logo da obtención dos favorables da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, da Facultade de Óptica e Optometría da Universidade de Santiago de Compostela, do Museo Nacional de ciencia y Tecnología do Ministerio e do Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela.

771 BICs

Este BIC forman parte dos 95 bens declarados desde a entrada en vigor da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia que facilitou a declaración e protección do patrimonio cultural cun concepto máis amplo baseado tamén nas relacións territoriais e no patrimonio inmaterial.

Así, a día de hoxe Galicia conta con 771 BICs, incluíndo entre as últimas incorporacións bens como a igrexa da Cruz do Incio, a igrexa da Atalaia de Laxe, o mosteiro de San Martiño Pinario, o Parque do Pasatempo, a Terraza de Sada, entre outras. Ademais, o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Goberno galego ten iniciados xa os trámites para outras declaracións BIC que se irán resolvendo nos vindeiros meses como Ponte Maceira, a Biblioteca de Emilia Pardo Bazán e a Casa Cornide.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRESENTARÁ RECURSO CONTRA A RESOLUCIÓN DO GOBERNO CENTRAL SOBRE O TOPÓNIMO RÍA DE RIBADEO

- Considera que debe seguir manténdose Ría de Ribadeo como único nome oficial para denominar a ría na que desemboca o río Eo, ante a resolución do Instituto Xeográfico Nacional que outorga ao topónimo Ría do Eo o carácter de nome alternativo ao mesmo nivel de oficialidade e uso
- O Goberno galego alega que o Nomenclator Xeográfico Básico de España considera como identificador xeográfico o identificador único da instancia de localización, que neste caso sería Ría de Ribadeo ao contar con carácter único e preferente desde 2008
- O recurso recolle que admite para un topónimo con séculos de antigüidade como Ría de Ribadeo, unha denominación alternativa de creación recente supón infrinxir a Lei para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial
- A Xunta lembra tamén que o grupo de expertos das Nacións Unidas neste ámbito recomendan empregar un topónimo único para cada nome xeográfico e evitar cambios innecesarios

O Consello da Xunta aprobou hoxe que o Goberno galego presente un recurso de alzada contra a resolución do Instituto Xeográfico Nacional do pasado 29 de outubro, pola que se establecen as denominacións oficiais da ría na que desemboca o río Eo e solicita seguir considerando como único nome oficial o de Ría de Ribadeo.

A Xunta considera que a resolución vulnera a normativa reguladora de determinación dos topónimos oficiais ao manter a denominación de Ría de Ribadeo como identificador xeográfico desta zona, pero outorgando ao topónimo de Ría do Eo o carácter de nome alternativo co mesmo nivel de oficialidade e uso.

En concreto, no recurso que se presentará ante o subsecretario de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Xunta alegará que o Nomenclátor Xeográfico de España considera como identificador xeográfico o identificador único de instancia de localización, que neste caso é o da Ría de Ribadeo.

Cómpre lembrar que o topónimo Ría de Ribadeo ten o carácter único e preferente desde 2008. Así o acreditou nese ano a Comisión Especializada de Nomes Xeográficos e o ratificou en maio deste ano a Xunta Directiva da Real Sociedade Xeográfica.

Por outra parte, tendo en conta as consideracións do grupo de expertos das Nacións Unidas en Nomes Xeográficas, recomenda usar un topónimo único para cada nome xeográfico e evitar cambios innecesarios de nomes. Na mesma liña, o Goberno galego

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

recolle no recurso que admitir para un topónimo con séculos de antigüidade como Ría de Ribadeo, unha denominación alternativa de creación recente supón infrinxir a Lei 10/2015, do 26 de maio para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.

Na súa argumentación, a Administración autonómica aclara que manter como ata agora Ría de Ribadeo como único nome oficial da ría na que desemboca o río Eo non supón ningún tipo de preeminencia do concello de Ribadeo e de Galicia sobre esta zona nin tampouco de negación da súa condición de tan asturiana como galega.

Ante a solicitude do Principado de Asturias para que se oficializara de forma preferente a denominación da Ría do Eo e o inicio a mediados de abril do procedemento administrativo por parte da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Xunta enviou ao Goberno central en maio o ditame da Comisión da Toponimia emitido na reunión do pleno do organismo nese mesmo mes.

Este órgano de estudo, asesoramento e consulta da Xunta para a determinación dos nomes oficiais da toponimia galega acordara manter a oficialidade do topónimo galego Ría do Ribadeo, e así llo trasladou ao Goberno central como xa fixera en 2008 cando o Principado de Asturias realizara a mesma petición.

O ditame da Comisión de Toponimia está baseado en distintos informes do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e o Grupo de Investigación de Análise Territorial da Universidade de Santiago de Compostela, que tamén se enviaron xunto con gran cantidade de documentación histórica sobre a antigüidade e o predominio do topónimo Ría de Ribadeo e o seu uso xeneralizado en toda a cartografía hidrográfica, topográfica, atlas e publicacións xeográficas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 8 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA DE ATA 50 ROBOTS QUE REALIZARÁN AS TAREFAS MÁIS RUTINARIAS DA TRAMITACION

- Estes robots poderán programarse para que se encarguen en cada momento daquelas tarefas prioritarias ou nas que existe unha carga extraordinaria de traballo
- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe un acordo marco para a posta en marcha dunha plataforma que permitirá a aplicación de tecnoloxías de intelixencia artificial e robótica aos procedementos administrativos
- O emprego destas tecnoloxías no procesos administrativos libera os empregados públicos de tarefas repetitivas, incrementa a capacidade de tramitación das unidades administrativas e reduce os tempos de resposta
- A creación desta plataforma enmárcase no primeiro eixo da Estratexia Galicia Dixital 2030 que busca consolidar un goberno dixital e máis eficaz, impulsando a automatización e transformación dixital dos servizos públicos

A Administración autonómica disporá dunha plataforma de automatización intelixente que permitirá a aplicación de tecnoloxías intelixencia artificial e robótica aos procedementos administrativos para axilizar a tramitación. O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo marco para a posta en marcha e o desenvolvemento desta infraestrutura por un importe de 7,8 millóns de euros, que permitirá a compra de ata 50 robots que realizarán as tarefas máis rutinarias da tramitación administrativa.

A Xunta de Galicia é pioneira no sector público galego na posta en marcha de tecnoloxías de automatización robótica de procesos (RPA) e técnicas de recoñecemento óptico de caracteres (OCR), que xa se están a aplicar nalgúns procedementos do eido tributario ou na xestión de axudas do II Plan de Rescate a sectores afectados pola COVID-19. O obxectivo é continuar estendendo o seu uso de xeito progresivo coa nova plataforma.

A principais vantaxes da aplicación destas tecnoloxías é que facilitan a revisión de grandes volumes de datos de maneira automática de xeito que liberan os empregados públicos de tarefas repetitivas e automáticas, poden dedicarse a tarefas de maior valor.

O contrato marco, aprobado hoxe, cunha vixencia de dous anos, permitirá contar cun único provedor para posta en marcha e xestión da plataforma, os servizos de automatización de procesos e as licenzas necesarias para os robots e os sistemas necesarios en cada proceso.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A plataforma de automatización intelixente permitirá dar resposta áxil ás necesidades de tramitación de grandes volumes de expedientes que inclúen procesos repetitivos; reducir os tempos de tramitación e dar un mellor servizo á cidadanía e incrementar a capacidade de tramitación das unidades administrativas, evitando que as persoas realicen tarefas que poden ser automatizadas.

Primeiras aplicacións

As primeiras aplicacións están a realizarse en procedementos tributarios como a comprobación das autoliquidacións presentadas pola compravenda de vehículos usados e estanse estendendo a outros do mesmo ámbito como as transmisións patrimoniais ou a sincronización de datos coa Seguridade Social. Ata o de agora a comprobación de determinados datos vinculados a estas verificacións viñan sendo realizadas por unha ou varias persoas. Agora é un software específico realiza esta tarefa repetitiva, de maneira automática e coa máxima precisión.

Tamén se aplicou a automatización intelixente á tramitación do II Plan de rescate aos sectores afectados polas medidas sanitarias pola da COVID-19, o que permitiu que máis do 90 % das axudas concedidas se puidesen pagar nun prazo inferior a dous meses.

Estratexia Galicia Dixital 2030 e Estratexia galega de intelixencia artificial

A creación desta plataforma enmárcase no primeiro eixo da Estratexia Galicia Dixital 2030 que busca consolidar un goberno dixital, máis eficaz e impulsando a automatización e transformación dixital dos servizos públicos e a evolución cara a un modelo intelixente do posto de traballo dixital do empregado público.

Ademais, tanto a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EDG2030) como a Estratexia galega de intelixencia artificial (EGIA) recollen entre os seus obxectivos que no horizonte 2025, o 25 % das empresas galegas e, cando menos, o 50 % das administracións públicas de Galicia empreguen solucións dixitais avanzadas baseadas en intelixencia artificial ou Big Data.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTARÁ CO CRITERIO CIENTÍFICO DO CSIC PARA AVALIAR AS PROPOSTAS DE NOVAS RUTAS COMO CAMIÑOS DE SANTIAGO

- O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento deseñará as bases teóricas e metodoloxía axeitada para concretar os criterios e requirimentos documentais e históricos que deben posuír para xustificar esta distinción
- Á vista destes criterios, analizarase a situación de distintos itinerarios como o Camiño do Mar, Vía Küning, Camiño de San Rosendo, Camiño Miñoto, Camiño de Muros-Noia, Camiño a Muxía por Brandomil ou o Camiño Mariñán

O Consello da Xunta deu hoxe visto e praxe a un convenio co CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) a través do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento co que esta entidade elaborará unha ferramenta metodolóxica que axude á Xunta de Galicia na avaliación e recoñecemento de distintos itinerarios históricos como Camiños de Santiago. Dáse cumprimento ao establecido no artigo 73.3 da Lei de patrimonio cultural de Galicia que indica que poderán ser recoñecidas aquelas rutas das que se documente e xustifique convenientemente a súa historicidade como rutas de peregrinación a Santiago e a súa influencia na formalización da estrutura do territorio polo que transcorren.

Actualmente, ademais das rutas principais xa recoñecidas legalmente, existen propostas de itinerarios, sen consideración oficial de Camino de Santiago, que veñen sendo promovidas e publicitadas nos últimos tempos por diferentes persoas, grupos ou organizacións en todo o territorio da Comunidade Autónoma. O seu estado de coñecemento e os fundamentos para a súa xustificación histórica e documental son moi diversas, e o seu grado de coñecemento tamén é diferente.

A sinatura deste convenio -que se estende ata 2023 cun investimento de máis de 600.000 euros- permitirá que un equipo de investigación do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento elabore unha ferramenta que asente criterios e requirimentos documentais concretos. Concretaranse os criterios que unha ruta histórica debe posuír para xustificar o seu recoñecemento como Camiño de Santiago coa categoría de territorio histórico, ou ben como unha ruta ou itinerario cultural que teña entre os seus valores a relación xacobeá en maior ou menor intensidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis en concreto, esta colaboración fará posible analizar rutas que veñen a ser promovidas e publicitadas por diferentes persoas, grupos ou organizacións en todo o territorio da Comunidade Autónoma. Trátase do Camiño do Mar (camiño pola Mariña lucense desde Ribadeo ata o Ortegal e a conexión co Camiño Inglés), Vía Küinig (camiño polo oriente e centro da provincia de Lugo alternativo ao Camiño Francés), Camiño de San Rosendo (camiño meridional que enlazaría a vila de Celanova co resto de rutas Xacobeas e lugares asociados a San Rosendo), Camiño Miñoto Ribeiro e Camiño da Geria ou dos Arrieiros (desde Portugal por Braga pasando polo Ribeiro e Terra de Montes cara Santiago), Camiño de Muros-Noia, Camiño á Muxía por Brandomil (variante da prolongación cara Fisterra e Muxía polo paso da ponte localizada en Zas desde Ponte Maceira) e o Camiño Mariñán (polas Mariñas coruñesas).

Para levar a cabo esta colaboración, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento creará os grupos de traballo necesarios baixo a súa coordinación, e que desenvolvan o estudo e análise desde a perspectiva da historia, a historia do arte, a xeografía e os estudos territoriais e a antropoloxía socio cultural.

Así mesmo será o responsable de elaborar unha memoria metodolóxica en que se recollan de forma clara e diferenciada os criterios e requirimentos de estudo e o grao en que o seu cumprimento pode determinar unha xustificación suficiente para a consideración dunha ruta como Camiño de Santiago. Tamén realizará unha avaliación específica para cada unha das rutas indicadas anteriormente, ás cales se lles aplique convenientemente a metodoloxía posta en marcha e se incorporen as conclusións particulares sobre a consideración ou non como Ruta Xacobeas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O ACORDO COA UNIVERSIDADE FEDERAL DE BAÍA PARA A PROXECCIÓN DO GALEGO NO BRASIL

- O Consello aprobou hoxe a sinatura deste convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade Federal de Baía, en Brasil
- Ambas institucións manteñen unha relación de colaboración desde o ano 1996 coa finalidade de desenvolver actividades formativas, de investigación e de dinamización da lingua e cultura galegas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e a Universidade Federal de Baía, en Brasil, para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

Coa sinatura deste acordo, a universidade brasileira comprométese a darlles continuidade aos estudos de lingua galega nos seus plans de estudos vixentes, así como a organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia, para as cales adquirirá o material bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático, así como as infraestruturas, que sexan necesarios. Ademais, incorporará un novo lector coa axeitada acreditación académica, que traballará baixo a dirección do responsable do centro de estudos galegos para reforzar o desenvolvemento das ditas actividades.

O novo acordo, con vixencia desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2024, é unha renovación do actual, en vigor ata finais deste ano, e supón a materialización da relación que a Xunta de Galicia mantén coa universidade brasileira desde 1996. Neste marco, o Goberno galego destinará, ao longo de tres anos, 12.000 euros destinados ao cumprimento dos obxectivos establecidos no dito convenio.

Centros de Estudos Galegos

A creación dos centros de estudos galegos no exterior responde ás premisas establecidas na Lei de normalización lingüística, que indica o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua galega fóra do seu ámbito territorial, pero tamén aos obxectivos establecidos posteriormente no Plan xeral de normalización da lingua galega para a súa proxección no exterior.

Estes centros nacen a través de convenios de colaboracións subscritos con universidades de todo o mundo interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Polo tanto, a posibilidade de estudar galego en

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuíndo de maneira fundamental á difusión da lingua galega, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio do idioma entre os seus falantes, que ven o interese e o recoñecemento que posúe alén da Comunidade.

Deste xeito, na actualidade o galego é materia de estudo en 36 universidades (9 en España e o resto no estranxeiro), cuxos centros integran a Rede de centros de estudos galegos da Xunta de Galicia. Amais, a maioría destes centros, 27 en concreto, contan con lectores- licenciados en Filoloxía Galega- de lingua, literatura e cultura galegas que colaboran nas actividades realizadas no centro. En total, este curso 2021 o Centro de estudos galegos da Universidade de Baía reuniu un total de 63 alumnos, un 73 % máis ca no curso anterior.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SEGUIRÁ A APOIAR AS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO CON AXUDAS MENSUAIS DE ATA 800 EUROS PARA QUE ACADEN INDEPENDENCIA RESPECTO DOS AGRESORES

- O Goberno galego destinará ata 2023 máis de 5 millóns de euros ampliables para garantir as axudas mensuais ás vítimas de violencia de xénero
- Galicia é a única Comunidade que conta cun apoio periódico para estas mulleres, que se pode solicitar en calquera momento do ano
- As contías van dos 200 aos 800 euros ao mes durante un ano en función dos ingresos, menores ao cargo e condicións de discapacidade
- Este apoio está a dispor tamén das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e para as que perderon os seus fillos ou fillas a mans do agresor
- No que vai de ano 531 mulleres resultaron beneficiarias e xa suman máis de 5.000 as vítimas que accederon a estes pagamentos desde 2009

A Xunta segue a apoiar as vítimas da violencia de xénero con axudas económicas de carácter mensual, de entre 200 e 800 euros, co fin de que poidan gañar independencia económica dos seus agresores. O Consello vén de aprobar a consignación de máis de 5 millóns de euros (5.050.000€) de fondos autonómicos -cifra ampliable en función das necesidades- para facer fronte durante 2022 e 2023 a estes pagos periódicos. Galicia é a única Comunidade que ofrece estes apoios ás vítimas da violencia de xénero, por outra banda, fundamentais, para que as mulleres avancen no camiño da súa recuperación.

O Goberno galego aprobou hoxe a convocatoria para 2022 das axudas económicas de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. Estas axudas poden solicitarse en calquera momento do ano e contan cun orzamento ampliable en función das necesidades.

A liña ten como potenciais beneficiarias as mulleres vítimas de violencia de xénero que racharan a convivencia co agresor no último ano, as vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e as vítimas de violencia vicaria.

A Xunta quere garantir que as mulleres vítimas da violencia de xénero contén cunhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor e, no caso das vítimas de trata co fin de explotación sexual, da persoa que mantivera sobre elas unha relación de dominación. Trátase de que contén con ferramentas para dar o primeiro paso de ruptura cunha situación en que corren perigo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A convocatoria diríxese a mulleres maiores de idade ou emancipadas que sexan vítimas de violencia de xénero ou vítimas vicarias nunha relación de convivencia ou, no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia respecto da persoa que mantivera sobre ela unha relación de dominación.

Para acceder as contías mensuais, as beneficiarias teñen que ter rematada a convivencia co agresor dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude. Ademais de estar empadroadas e ter residencia efectiva na Comunidade -permiso de residencia, no caso das mulleres estranxeiras- deberán acreditar uns ingresos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente e non ter percibido esta axuda con anterioridade.

A axuda consiste nun pago mensual destinado directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de 12 mensualidades. Esta cantidade vai dos 200 euros aos 800 euros mensuais, en función dos ingresos da beneficiaria, dos fillos ou fillas menores (ou menores en acollida) que teña ao seu cargo e de circunstancias como a discapacidade.

Entre 2009 e 2021 o Goberno autonómico destinou case 40 millóns de euros para o mantemento destes pagamentos mensuais, triplicándose a contía destinada para este fin (pasouse de 1,4 millóns do programa 2009-2010 a máis de cinco da convocatoria 2022-2023).

Co paso dos anos foron tamén aumentando número de beneficiarias, que fan un total 5.231 nos últimos once anos. A estas alturas de 2021, antes de que remate o ano, contabilízanse 531.

As axudas periódicas constitúen unha das medidas principais coa que a Xunta dispensa apoio económico ás vítimas da violencia de xénero, para as que se dispoñen ademais outras tres liñas de apoio importantes como son as de pago único, dirixidas ás mulleres con dificultades na busca de emprego; as de indemnización, que garanten que perciban as contías que lles corresponden por resolución xudicial; e as destinadas de xeito específico a mulleres gravemente feridas, orfos/as e a vítimas da violencia vicaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 450.000 EUROS PROXECTOS PARA A ATENCIÓN SOCIAL INTEGRAL DE VÍTIMAS DE TRATA E EXPLOTACIÓN SEXUAL

- O Goberno autonómico axudará con ata 70.000 euros ás entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan intervencións coas mulleres e nenas vítimas desta lacra
- Os apoios destínanse a accións de atención inmediata, asesoramento xurídico, laboral e social e programas a pé de rúa desenvolvidos polas entidades
- Desde 2016 grazas aos 3,2 millóns de euros destinados a este programa, máis de 3.600 vítimas recibiron atención das entidades

O Consello da Xunta acordou hoxe abrir unha nova convocatoria de axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para levar a cabo proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e a vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual. A orde de apoios para este 2022 conta cun orzamento de 450.000 euros, cofinanciados con cargo ao Fondo Social Europeo, o que permitirá chegar a atender as necesidades dunhas 700 persoas.

As axudas terán como destinatarias as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e con domicilio social en Galicia. O importe máximo dos apoios ascenderá a 70.000 euros, e recibirán maior puntuación as entidades que ofrezcan acollemento residencial temporal para dar unha saída ás mulleres vítimas.

Entre as actuacións que financiará a Xunta, inclúense a atención inicial nos chamamentos realizados polas autoridades xudiciais, fiscais e policiais con vítimas da trata; asesoramento social e actuacións de apoio directo nas relacións con entidades, organismos e servizos para a realización de trámites administrativos; atención psicolóxica, para abordar posibles trastornos emocionais e/ou conductuais na procura da súa recuperación persoal; así como orientación e asesoramento xurídico e laboral.

O Goberno galego apoiará tamén os programas de atención en traballo de rúa, co obxectivo de chegar aos lugares onde se poden atopar persoas vítimas de trata de seres humanos para ofrecerlles información sobre os recursos cos que contan.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde 2016, ano no que se realizou a primeira convocatoria, concedéronse en Galicia axudas por valor de máis de 3,2 millóns de euros ás entidades, o que permitiu atender no sexenio máis de 3.600 vítimas a través dos seus programas.

Estas axudas enmárcanse no conxunto de actuacións que a Xunta mantén desde hai anos para garantir a protección das vítimas a través de protocolos de detección destes casos e a derivación das vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual a profesionais de distintos ámbitos que lles axuden a acceder a recursos de asistencia especializados.

Galicia reconece a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como violencia de xénero, polo que poden acceder así á axuda económica mensual para as vítimas da violencia de xénero e aos recursos de apoio xurídico, psicolóxico, social e de apoio á inserción laboral, entre outros.

A comunidade galega é ademais pioneira na implicación da Administración autonómica na loita contra esta lacra, coa sinatura dun protocolo entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

A Xunta leva anos urxindo unha Lei orgánica integral e multidisciplinar contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual que incida na prevención, na persecución de oficio do delito, promova a eliminación de publicidade de contido sexual e active programas de protección social e recuperación integral das vítimas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 26 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONTRATACIÓN DE MEDICAMENTOS EMPREGADOS PARA O TRATAMENTO DA ESCLEROSE MÚLTIPLE

Para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a contratación da subministración sucesiva de medicamentos empregados no tratamento da esclerose múltiple con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de 25.936.568 euros.

Dous deles son medicamentos que se empregan en primeira liña ou fases iniciais da esclerose múltiple recorrente recidivante, na que o enfermo sofre brotes de síntomas seguidos de períodos de recuperación. Os outros tres fármacos empréganse no tratamento da patoloxía cando está en fase moi activa e grave, empeorando rapidamente ou permanecendo activa pese ao tratamento, e son consideradas terapias de segunda liña.

Sinalar que esta patoloxía é a causa máis frecuente de discapacidade non traumática en adultos novos e de mediana idade, e que é, tamén, unha doenza capaz de reducir, de xeito moi significativo, a esperanza de vida.

Estes medicamentos non curan a doenza, pero poden previr a aparición de novos brotes, ou fan que estes sexan máis leves e adían a aparición de discapacidade.

Avance na mellora da asistencia a esta patoloxía

Cómpre sinalar que, na actualidade, no Servizo Galego de Saúde, o número de persoas a tratamento activo supera os 3.000 e, durante o ano 2020, un total de 1.859 deles recibiron tratamento con algún dos medicamentos que se van licitar.

Galicia é referencia a nivel nacional no tratamento deste enfermidade. De feito, a nosa comunidade dispón dun dos 12 centros en esclerose múltiple de referencia nacional no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, desde o ano 2012.

Ademais, a Xunta presentou en decembro do ano 2019 un proceso asistencial integrado de esclerose múltiple no que se establece un protocolo común en toda Galicia para a súa detección temperá, se contempla o procedemento para a solicitude da avaliación da discapacidade e conta cun catálogo accesible tanto para os profesionais como para pacientes, que permite coñecer os recursos dispoñibles máis preto do domicilio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA CRUZ VERMELLA PARA O FUNCIONAMENTO DA TARXETA BÁSICA DURANTE O PRIMEIRO SEMESTRE DO 2022

Esta prestación ten axudado durante o último ano e medio a máis de 57.000 galegas e galegos a comprar produtos de primeira necesidade de xeito áxil, sinxelo e sen estigmas

O Consello da Xunta renovou o convenio coa Cruz Vermella para manter o funcionamento da Tarxeta Básica durante o primeiro semestre do ano 2022. Durante este período analizarase pormenorizadamente a evolución da pandemia e dos seus efectos e adaptarase esta prestación ás súas variacións.

A Tarxeta Básica naceu durante os primeiros meses da pandemia para facer fronte ás necesidades máis urxentes das familias. Durante o último ano e medio ten axudado a máis de 57.000 galegas e galegos a comprar produtos de primeira necesidade de xeito áxil, sinxelo e sen estigmas.

Esta medida continúa estando ligada ás consecuencias socioeconómicas da pandemia. Con esta renovación búscase seguir atendendo as familias que máis o necesitan na compra de produtos de alimentación, hixiene e farmacia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA DISPORÁ DE MÁIS DE 140 M€ ENTRE 2022 E 2024 PARA IMPULSAR A CALIDADE, A PROMOCIÓN E A TRANSFERENCIA DE INVESTIGACIÓN AO SECTOR AGRARIO

- O Consello da Xunta aprobou o correspondente contrato de xestión desta axencia, que se centra na mellora da calidade das producións agroalimentarias galegas, así como na transferencia de investigación e innovación ao sector
- Este contrato de xestión compendia as actuacións a realizar pola axencia no referido período temporal, coa determinación de obxectivos, plans, previsións sobre persoal e as modificacións ou adaptacións anuais que procedan

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, adscrita á Consellería do Medio Rural, disporá de algo máis de 140 millóns de euros no período 2022-2024 para levar a cabo os seus obxectivos en materia de mellora da calidade das producións agroalimentarias galegas, así como de transferencia de investigación e innovación ao sector. Así se recolle na táboa de financiamento do contrato de xestión desta axencia, que foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta para o referido período.

Esta entidade é o instrumento básico de actuación da Administración autonómica en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade. Por outra banda, ten tamén como obxectivo potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario na nosa comunidade. Establécese como finalidade principal da súa actividade investigadora responder aos retos científicos e tecnolóxicos aos cales se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade.

Este contrato de xestión compendia as actuacións a realizar pola axencia no referido período temporal, coa determinación de obxectivos, plans, previsións sobre persoal e as modificacións ou adaptacións anuais que procedan. A súa aprobación polo Consello da Xunta faise consonte o establecido na Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga).

Así, o contrato contempla os obxectivos que se perseguen, os resultados que se pretende obter e, en xeral, a xestión que se vai desenvolver. Ademais, incorpora tamén os plans necesarios para alcanzar eses obxectivos, con especificación dos marcos temporais correspondentes e dos proxectos asociados a cada unha das estratexias e os seus prazos temporais, así como os indicadores para avaliar os resultados obtidos. A

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

maiores, inclúe as previsións de cadro de persoal e o marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos, entre outras previsións, así como o procedemento para a introdución das modificacións ou adaptacións anuais que, de ser o caso, procedan.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O INORDE PORÁN EN MARCHA UNHA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO DESTINO APROVEITANDO A CHEGADA O AVE

- O obxectivo é reforzar a marca Galicia como destino de calidade botando man das vantaxes da alta velocidade
- A campaña vai desenvolverse nos medios de comunicación, nas propias estacións de ferrocarril e nas redes sociais, cunha especial atención ao viaxeiro que se quere captar desde Madrid

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración co Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (INORDE), órgano encargado do impulso turístico da provincia dependente da Deputación de Ourense, para a posta en marcha dunha campaña orientada para aproveitar a chegada do AVE a Galicia e a súa entrada a través de territorio ourensán.

Con este obxectivo e botando man da vantaxe competitiva que suporá a chegada da alta velocidade, desenvolverase unha campaña para reforzar a marca Galicia como destino seguro que chegará aos medios de comunicación, ás propias estacións de ferrocarril e ás redes sociais.

O obxectivo principal desta iniciativa publicitaria atópase no viaxeiro procedente de Madrid, de aí que sexa na capital de España onde se concentrará principalmente a campaña, que incidirá no fito de poder conectar a Meseta con Galicia en 2,15 horas, o que converte a Galicia nun destino atraente e competitivo en calquera época do ano. As estacións madrileñas de Atocha e de Chamartín serán os puntos centrais da campaña, que se completará con accións publicitarias nas pantallas dos trens, coa edición de material de promoción, publicidade nas redes sociais e impactos divulgativos en diferentes puntos de Madrid.

O convenio entre a Xunta, a través de Turismo de Galicia, e o Inorde, cun orzamento de 96.800 euros, ten como obxectivo favorecer o coñecemento de Galicia como destino turístico de calidade a nivel interno e internacional, partindo das facilidades para chegar ata Ourense facendo uso da alta velocidade ferroviaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA ABRE UNHA CONSULTA CO TECIDO EMPRESARIAL PARA AVALIAR A POSTA EN MARCHA DE NOVOS CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA

- A invitación da Xunta está dirixida a empresas e operadores económicos que aspiren a activar fábricas compartidas, centros loxísticos e de fabricación avanzada ou espazos industriais especializados para modernizar e desenvolver a base industrial da zona na que se sitúen, con especial énfase na sustentabilidade
- Búscase facilitar as condicións para que os interesados propoñan proxectos concertados, como parte do deseño dunha nova liña de axudas que se activará proximamente a través do Igape ao abeiro da Axenda Industria 4.0
- Os novos proxectos permitirán a pemes e autónomos contar con servizos aos que doutro xeito terían máis dificultades para acceder
- A primeira consulta deste tipo tivo como resultado o impulso de sete centros de fabricación avanzada, con axudas por 20M€, como o da Cidade das TIC, o Centro biotecnolóxico do Tambre, a planta piloto de Inleit, ou o Centro de fabricación avanzado de lácteos de alto valor engadido de Clesa, entre outros

O Consello da Xunta vén de coñecer unha nova consulta, programada pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, encamiñada a coñecer a demanda de espazos industrias compartidos entre o tecido produtivo galego. Unha actuación que ten como finalidade desenvolver liñas de axuda que permitan impulsar este tipo de centros e instalacións colaborativas.

Neste sentido, a invitación estará aberta ás empresas e demais operadores económicos galegos que aspiren a activar fábricas compartidas, centros loxísticos e de fabricación avanzada e espazos industriais especializados, entre outras infraestruturas, que contribúan a modernizar e desenvolver a base industrial da zona na que se establezan, con especial énfase na sustentabilidade.

Mediante esta iniciativa, a Xunta pretende facilitar as condicións para que as empresas e demais entidades interesadas impulsen proxectos concertados, ao tempo que se optimiza o deseño dunha nova liña de axuda no marco da Axenda Industria 4.0, que promove a presenza de infraestruturas axeitadas como un dos factores determinantes da mellora da competitividade das pemes galegas. De feito, este tipo de infraestruturas abertas a pequenas empresas e autónomos supoñen unha oportunidade para contar con servizos aos que non poden ter acceso de xeito habitual.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A presentación de propostas de proxectos para desenvolver e de suxestións sobre o futuro marco de apoios a este tipo de infraestruturas industriais contará cun prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*, para que os operadores económicos que así o desexen poidan comunicar ao Igape propostas de proxectos que poderían impulsarse sobre o marco de axudas a deseñar.

Con posterioridade, a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, analizará as propostas presentadas e deseñará as bases reguladoras do programa, que contará cun orzamento de 10M€. A invitación é aberta e diríxese a empresas de todos os tamaños e outros operadores económicos interesados en promover infraestruturas colaborativas de apoio industrial en Galicia.

A apertura deste prazo para a presentación de manifestacións de interese, ademais de permitir á Administración coñecer se existen operadores económicos interesados en participar nunha eventual convocatoria, así como as características dos seus proxectos, fomenta a participación de propostas innovadoras, permitindo que as empresas planifiquen axeitadamente os seus investimentos e garantindo a transparencia.

Sete proxectos impulsados

Cómpre destacar que a primeira consulta deste tipo tivo como resultado 26 manifestacións de interese válidas, que permitiron deseñar unha convocatoria axustada ás necesidades reais da industria galega. A liña de axudas que se lanzou deu lugar a sete proxectos que atinxen a ámbitos e sectores industriais diversos como as TIC, o biotecnolóxico, a loxística, o turismo ou o agroalimentario.

En concreto, a Xunta achega 4,82M€ para desenvolver un centro de servizos avanzados na Cidade das TIC da Coruña que contará con catro laboratorios para a realización de probas e o aloxamento de empresas do sector. O Goberno galego destina 4,3M€ ao Centro loxístico da automoción no Porriño para a realización de actividades de formación, demostración e experimentación sobre operacións reais no eido da automoción pero tamén no alimentario e o naval.

O Centro biotecnolóxico do Tambre recibiu unha axuda de máis de 4M€ para prover o sector de laboratorios para actividades de I+D+i, equipamento compartido e instalacións de uso común. A cuarta infraestrutura é o Centro galego de tratamentos térmicos do aceiro que, cun apoio de 2M€, estará situado en Narón co obxectivo de facilitar a realización de máis traballos con este material, como a reparación de buques. No eido do turismo e a innovación impulsouse con 370.000 euros o Centro de servizos avanzados Galicia TurisTIC en Vilagarcía de Arousa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Finalmente, apoioouse a planta piloto de Inleit en Curtis con 2,4M€ para a síntese de proteínas e subprodutos lácteos de alta calidade e concedéronse 2,5M€ á Agrupación de Cooperativas Lácteas (Acolat), pertencente a Clesa, en Caldas de Reis, para impulsar un centro de fabricación avanzado de lácteos de alto valor engadido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS ACTUACIÓNS DE RESTAURACIÓN AMBIENTAL DA XUNTA E A CONCIENCIACIÓN CIDADÁ PERMITIRON REDUCIR DE 300 A 52 OS PUNTOS DE VERTEVEDURA INCONTROLADA EXECUTADOS DESDE 2015

- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destinou máis de 9,2 M€ á eliminación de 1.166 destes puntos en máis de 150 concellos nos últimos sete anos, grazas ao cal se rexeneraron 79 hectáreas
- Ao longo de 2022 habilitará unha partida de 1,8 millóns de euros co obxectivo principal de analizar as razóns do abandono de residuos e 5 millóns de euros para a recollida a través de puntos verdes fixos e móbiles
- O vindeiro ano tamén se porá o foco no Camiño de Santiago, a través dunha aplicación para que os peregrinos que avisten estes acopios envíen fotos xeolocalizadas á Consellería e esta alerte as entidades locais

As actuacións de restauración ambiental e paisaxística da Xunta de Galicia, xunto coa concienciación cidadá, permitiron reducir o número anual de puntos de vertedura incontrolados (PVI) de residuos dos 300 executados en 2015 aos 52 do actual exercicio, é dicir, un 577 % menos en só sete anos.

Se ben a competencia sobre estes puntos corresponde aos concellos, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén asumindo a prestación de apoio ás entidades locais. En concreto, o programa púxose en marcha en 2015 —tras unha experiencia piloto en 2014— e desde entón o número de PVI eliminados situouse nos 1.166 en máis de 150 concellos, para o cal o Goberno galego destinou máis de 9,1 millóns de euros. Grazas a isto, rexeneráronse 79 hectáreas de terreo.

O programa da Consellería ten un dobre obxectivo. En primeiro lugar, recolle, separa, transporta e entrega a un xestor autorizado os residuos abandonados, para a súa reciclaxe e súa conversión nun novo recurso. En segundo lugar, rexenera a zona, asegurando deste xeito a conservación da biodiversidade da Comunidade. Deste xeito, evítase ademais a proliferación de novos amoreamentos, ao eliminar o hábito de depositar lixo nestes lugares.

O Consello accedeu ao contido dun informe sobre a execución destes traballos nos anos 2020 e 2021; onde se sinala que nos dous últimos anos, o esforzo da Xunta resultou na restauración de máis de 10 hectáreas de terreo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as tipoloxías de residuos que foron trasladados a un centro autorizado para a súa correcta xestión destacan case 6.700 m³ de residuos da construción e demolicións, máis de 47 toneladas de plásticos, case 31 toneladas de pneumáticos fóra de uso, preto de 9 toneladas de aparellos electrónicos e eléctricos (RAEE) e 25 quilos de baterías.

O Camiño de Santiago, o foco de 2022

Ao longo de 2022, a Xunta manterá este esforzo, polo que habilita unha partida de 1,8 millóns de euros, pero – tendo en conta a diminución de PVI– neste caso co obxectivo principal de analizar as razóns do abandono de residuos en cada concello e poder así asesoralos sobre futuras solucións de prevención.

Outra das novidades do vindeiro exercicio é que se porá o foco no Camiño de Santiago. Así, a Consellería xunto cos responsables da Ruta Xacobeá están a deseñar unha nova utilidade na súa aplicación móbil oficial, co fin de que os peregrinos poidan contribuír á prevención destes acopios.

Grazas a esta ferramenta, os camiñantes poderán enviar de xeito anónimo fotos xeolocalizadas que recibirá a Consellería de Medio Ambiente, a cal comunicará os feitos ao concello para que este proceda á súa eliminación temperá e evitar así que se converta nun punto de vertedura.

Así mesmo, como complemento da planificación de restauración ambiental e paisaxística dos PVI, cómpre lembrar que Galicia dispón dunha rede de puntos verdes fixos e móbiles para facilitar o cumprimento das súas competencias en materia de residuos e permitir aos cidadáns depositalos de forma gratuíta segundo a súa tipoloxía, facilitando o seu tratamento e valorización posterior.

Nesta liña, a Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais 2022-2023 prevé axudas a concellos por importe de 5 millóns de euros para instalación destas instalacións fixas e móbiles nas dúas próximas anualidades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

UN 98% DOS PACIENTES DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO CONSIDERAN POSITIVA OU EXCELENTE A ATENCIÓN RECIBIDA

A Estratexia HADO 2019-2023 pretende potenciar e consolidar este modelo asistencial no Sergas e garantir o seu desenvolvemento nos próximos anos

Un 98,03 % dos pacientes de Hospitalización a Domicilio (HADO), fan unha valoración boa, moi boa ou excelente da atención recibida, e un 59,74 % afirma ter recibido unha asistencia mellor da esperada. Xunto ao anterior, un 88,70 % dos pacientes refiren que, de poder elixir, optarían por este modelo fronte ao convencional.

Estas son algunhas das principais conclusións dunha enquisa de 27 preguntas realizadas mediante entrevista telefónica aos usuarios do Servizo de Hospitalización a Domicilio dos hospitais do Sergas durante o pasado ano, ou aos seus cuidadores. A mostra final foi dun total de 1.865 entrevistas no conxunto das áreas sanitarias galegas.

As principais conclusións da enquisa tamén reflicten que está moi ben puntuada nesta modalidade de atención a información, o trato recibido por parte do persoal, os tempos de resposta, a valoración técnica e a coordinación entre o persoal médico e o de enfermería.

Esta enquisa de satisfacción enmárcase nunha estratexia de calidade, xa que posibilita ao Sergas seguir mellorando esta prestación ao ter información sobre os apartados de mellora.

Aposta firme da Xunta

Sinalar que o Plan Galego de Hospitalización a Domicilio 2019-2023 posto en marcha polo Executivo galego, que conta cun orzamento de 2,5 millóns de euros, supuxo unha aposta firme da Xunta para seguir a avanzar nun modelo de hospitalización alternativo á hospitalización convencional. Trátase dunha das liñas estratéxicas do departamento sanitario galego, xa que é capaz de proporcionar aos pacientes unha asistencia hospitalaria experta, segura e eficiente no ámbito domiciliario.

Grazas ao desenvolvemento deste plan, a hospitalización a domicilio chega xa ao 81 % dos galegos a través das unidades deste tipo coas que contan os 14 hospitais públicos galegos.

A hospitalización a domicilio supón unha mellora na calidade de vida do paciente, xa que lle permite continuar o tratamento no seu domicilio, evitándolle un ingreso prolongado no hospital e diminuindo os riscos asociados ao mesmo, tales como infeccións ou

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desorientacións), ofrecéndolle unha asistencia adaptada á súa realidade e a da súa familia.

Sinalar, así mesmo, que o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia permite dispoñer da historia clínica electrónica no domicilio do paciente, o que facilita que a información clínica xerada durante a atención domiciliaria estea inmediatamente dispoñible para o resto de profesionais que participan na atención, garantindo a integración e a continuidade asistencial.

Máis de 6.400 pacientes atendidos

No pasado ano, máis de 6.400 pacientes foron ingresados no Servizo de Hospitalización a Domicilio, sendo a idade media dos pacientes atendidos de 72,94 anos, e as patoloxías máis frecuentes as afeccións respiratorias seguidas das neoplasias.

Desde 2019 creáronse 33 novas prazas nestes servizos, ás que o ano que vén sumaranse outras 6 cuxa creación está incluída proxecto de orzamentos da Xunta para o ano 2022. Ademais, co propósito de impulsar esta alternativa de hospitalización, a Xunta de Galicia aprobou en febreiro deste ano, mediante decreto, a creación da categoría de persoal médico de hospitalización a domicilio, de forma que Galicia é a primeira comunidade do Sistema nacional de saúde que dota a estas unidades dunha categoría propia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA APOSTA POR UNHA REVISIÓN DA POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN QUE IMPULSE A REMUDA XERACIONAL E CONVERTA A PESCA NUNHA OPCIÓN ATRACTIVA PARA A XENTE NOVA

- A comunidade traballa nunha estratexia ante a posible reforma da PPC que promove o reforzo da cohesión social e económica, a innovación tecnolóxica e a mellora das condicións de traballo e vida a bordo dos buques
- A proposta galega, que será avaliada polo Consello Galego de Pesca, fai fincapé na importancia de renovar as frotas, de apostar pola contratación de profesionais cumprindo todos os estándares europeos en materia laboral e de estimular a igualdade de xénero impulsando a presenza de mulleres a bordo dos pesqueiros
- A Xunta defende a necesidade de que todos os actores do sector pesqueiro teñan as mesmas regras de xogo e que exista un equilibrio na relación con outros estados do Espazo Económico Europeo ou o Reino Unido
- O Executivo galego lembra que o sector pesqueiro é a solución para unha alimentación saudable, rica en proteína e cunha menor pegada de carbono que outras actividades
- A folla de ruta de Galicia enxalza o papel das organizacións rexionais de pesca e defende a necesidade de que a Unión Europea promova a súa creación alí onde non existen para atallar a pesca ilegal e o crecemento incontrolado dalgunhas frotas

O Consello da Xunta de Galicia analizou hoxe a proposta de base que o Executivo galego presentará ao Consello Galego de Pesca para a súa análise e a emisión do correspondente ditame de cara á revisión da política pesqueira común (PPC), na que Galicia aposta porque haxa un equilibrio entre os aspectos medioambientais e socioeconómicos facendo un esforzo especial na consecución da remuda xeracional para converter a actividade nunha opción ben remunerada e atractiva para a xuventude europea.

Este documento lembra o papel esencial da proteína mariña na seguridade alimentaria así como que a súa obtención por medio do sector pesqueiro conta cunha baixa pegada de carbono, especialmente no que se refire á frota artesanal.

A posición galega, que fixou o seu punto de partida no Consello Galego de Pesca celebrado en setembro, pasa por unha solución europea e europeísta que reforce a cohesión social e económica, a innovación tecnolóxica e a mellora das condicións de traballo e vida a bordo dos buques. Neste sentido, o documento pretende destacar as reformas que serían recomendables desde o punto de vista de Galicia -a principal rexión

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pesqueira da Unión Europea- incidindo en cinco grandes grupos de asuntos: unha PPC social e de futuro, un comercio pesqueiro xusto coas mesmas regras de xogo, unha pesca sustentable e compatible coa conservación da biodiversidade, un sector adaptado ao cambio climático e a cogobernanza global como base para a sustentabilidade da actividade.

Galicia entende que a recuperación de moitas especies dos caladoiros atlánticos e a tendencia equilibrada en termos económicos deben levar a que a política comunitaria poña o foco no aspecto social, coa remuda xeracional como gran reto. Para afrontalo, a comunidade considera vital acometer a renovación tecnolóxica das frotas, mellorar as condicións de habitabilidade e seguridade a bordo e converter a profesión nunha opción ben remunerada e atractiva para a xuventude europea.

Para logralo, o Executivo galego considera fundamental facer fincapé na modernización dos buques -que non ten por que implicar maior capacidade de pesca-, certificar a contratación de profesionais con todos os estándares europeos en materia laboral e estimular a igualdade de xénero dando visibilidade ás mulleres e impulsando a súa presenza a bordo dos buques pesqueiros, para o que tamén é indispensable a renovación da frota.

Outro aspecto transcendental para o futuro do sector pesqueiro galego que recolle o informe é o comercio pesqueiro xusto -o *level playing field*- no que todos os actores teñan as mesmas regras de xogo e impedindo o acceso ao mercado comunitario daqueles que non cumpran coas normas establecidas. Neste contexto, a frota galega considera fundamental loitar contra as subvencións existentes en terceiros países, que lastran a competencia no mercado comunitario, e que haxa un equilibrio na relación con outros estados do Espazo Económico Europeo ou o Reino Unido.

Nesta liña, o informe lembra que non existe unha política fiscal homoxénea nin a nivel comunitario nin internacional en aspectos como as bonificacións ao combustible profesional polo que avoga porque a Unión Europea presente ante a Organización Mundial do Comercio (OMC) unha proposta para homoxeneizar os gravames en todos os países e evitar distorsións e o falseamento da competencia.

Alimentación saudable

En canto á pesca sustentable e compatible coa conservación da biodiversidade, Galicia lembra que o sector pesqueiro é a solución para unha alimentación saudable, rica en proteína e cunha menor pegada de carbono que outras actividades. Por iso, defende a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

importancia de garantir o seu futuro e de velar porque haxa un equilibrio entre as políticas ambientais e as pesqueiras, tendo en conta a relevancia socioeconómica da pesca artesanal nas zonas costeiras.

Precisamente na adaptación ao cambio climático, a proposta galega ve crucial que os aspectos ambientais, económicos e sociais estean ao mesmo nivel, recoñecendo o papel das actividades marítimas -pesca e acuicultura- na consecución dunha alimentación saudable e apostando polo desenvolvemento de sistemas de propulsión de buques neutros en carbono para descarbonizar o sector marítimo.

O quinto aspecto prioritario para Galicia de cara á revisión da PPC é a cogobernanza global como base para a sustentabilidade da actividade, un aspecto no que xogan un papel determinante as organizacións rexionais de pesca (ORP). O informe salienta que o 80 % dos desembarques actuais de peixes proceden de poboacións explotadas de xeito sustentable e que os peores datos proceden daquelas zonas que carecen de ORP. Por iso, a proposta galega defende a necesidade de que a UE promova a creación destas organizacións alí onde non existan para contribuír a atallar a pesca ilegal e o crecemento incontrolado de determinadas frotas que empregan a traballadores en condicións precarias.

Próximos pasos

O documento que analizou hoxe o Consello da Xunta entregárase mañá ao grupo de traballo sobre a PPC creado no seo do Consello Galego de Pesca co obxectivo de definir a proposta de ditame e a redacción do mesmo. A finalidade é que o resultado dese traballo sexa avaliado e aprobado polo Consello Galego de Pesca antes da súa presentación ao resto de rexións pesqueiras europeas.

Neste sentido, Galicia manterá contactos coas autoridades pesqueiras de varias rexións da UE para alcanzar posicións conxuntas e impulsará un cumio -ben en territorio galego ben noutra rexión europea- co obxectivo de debater sobre a política europea e as necesidades do sector. Ao mesmo tempo, buscarase o apoio das principais organizacións pesqueiras comunitarias e trasladaranse todas as xestións aos parlamentarios do Congreso dos Deputados, Senado, Parlamento galego e Eurocámara para que realicen as actuacións que consideren oportunas na defensa dos intereses da pesca galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA